

## DOMINGO XVI ORDINARIO (B)

### PRIMEIRA ( Xer 23, 1-6)

Lectura do libro de Xeremias

¡Ai dos pastores que deixan que se perda o rabaño e que o espantan do meu pasteiro! -é o Señor quen fala-. Por isto, así lles fala o Señor, Deus de Israel, ós pastores que apacentan o meu pobo: - Vós espantáde-las miñas ovellas, escorrentádelas e non coidades delas; ollade que eu vos pedirei contas da maldade dos vosos feitos -é o Señor quen fala-. Eu xuntarei o resto das miñas ovellas, traéndoo de tódolos países a onde as espaxen, e fareinas volver ós seus pasteiros, onde criarán e se multiplicarán.

Para elas constituirei pastores que as apacenten, de xeito que xa non volvan ter medo, nin se espanten, nin se perda ningunha -é o Señor quen fala-. Ollade que chegan os días -é o Señor quen fala- en que farei abrollar de David un xermolo lexítimo, será rei de verdade e comportarase con prudencia, administrará o dereito e a xustiza no país. Desde os seus días Xudá vivirá a salvo, e Israel vivirá en paz. O título que se lle dará será este: "O Señor é a nosa xustiza".

### SALMO RESPONSORIAL Sal 22, 1-3a. 3b-4. 5. 6

R/. (1): **O Señor é o meu pastor: nada me falta.**

O Señor é o meu pastor, nada me falta:  
En pastos verdecentes faime repousar.  
El lévame a beber en augas tranquilas  
e repón as miñas forzas;

Guíame por vereas rectas,  
por mor do seu nome.  
Se tiver de pasar por valgadas sombrizas,  
ningún mal temería, pois ti vas comigo:  
o teu bastón e o teu caxato son o meu sosego.

Ti pos para min a mesa,  
á cara dos meus inimigos;  
únxesme con perfume a cabeza,  
e a miña copa reborda.

O teu benquerer e a túa misericordia vanme seguindo  
tódolos días da miña vida.  
Eu habitarei na casa do Señor  
por días prolongados sen fin.

### **SEGUNDA LECTURA** (Ef 2, 13-18)

Lectura da carta do apóstolo San Paulo ós Efesios

Irmáns: Os que antes estabades lonxe, agora gracias a Cristo Xesús estades cerca, no sangue de Cristo. El é a nosa paz: o que dos dous pobos fixo un só, derrubando a medianeira -a inimidade-, e abolindo na súa carne aquela Lei de mandamentos e normas, para crear en si mesmo cos dous unha nova humanidade, facendo a paz; e reconciliando con Deus ámbolos dous nun único corpo por medio da cruz, matando nel mesmo a inimidade. El veu e anunciou a paz: paz para vós -os de lonxe-, e paz para os que estaban cerca: porque por el temos uns e outros acceso ó Pai, nun mesmo Espírito.

### **EVANXEO** (Mc 6, 30-34)

Lectura do santo Evanxeo segundo Marcos

Naquel tempo, os apóstolos volveron reunirse con Xesús e contáronlle canto fixeran e ensinaran. El díxolles: "Vinde, vós sós, á parte, a un lugar arredado, e descansade un pouco"; porque eran moitos os que ían e viñan, e nin para comer atopaban tempo. Entón marcharon na barca, á parte, a un lugar arredado. Pero víronos marchar e déronse conta moitos, e desde tódalas aldeas foron andando para alí, e chegaron primeiro ca eles. Cando desembarcou, Xesús atopouse cunha gran multitude e sentiu compaixón por eles, porque eran coma ovellas sen pastor, e púxose a ensinalles moitas cousas.